



NORMATIVA Nº 10

COMISIÓN GALEGA DE TIRO DE CAMPO E 3D



NORMATIVA Nº 10

COMISIÓN GALEGA DE TIRO DE CAMPO E 3D

ÍNDICE:	Páxina
ÍNDICE	2
1.- CONSTITUCIÓN E OBXETIVOS	3
2.- COMPOSICIÓN DA COMISIÓN	3
3.- FUNCIONAMIENTO DA COMISIÓN	4
4.- FUNCÍONS DA COMISIÓN	4
5.- RÉXIME ECONÓMICO DE FUNCIONAMENTO	5
6.- Guión cronolóxico: APROBACIÓN E MODIFICACIÓNS	6

1.- CONSTITUCIÓN E OBXECTIVOS

O **artigo 43** dos estatutos da Federación Galega de Tiro con Arco (en adiante FGTA) establece que se poderán crear, tras a súa aprobación pola Asemblea Xeral, cantas comisións e comités se precise.

Dende hai algún tempo diversos clubs e deportistas galegos están a desenvolver actividades na modalidade de percorrido de bosque, é por iso que dende a FGTA se necesitan unha serie de normas e unha canle para dar forma e desenvolve-la axeitadamente no seu ámbito.

Esta modalidade deportiva ten unhas características e singularidades especiais tanto pola súa forma, lugar de desenvolvemento e esforzo de organización, coma polo custo que supón a celebración das súas competicións e trofeos. Todo isto fai ver a necesidade de crear unha comisión específica que se encargue do tratamento e do desenvolvemento técnico desta modalidade.

Esta comisión créase como un grupo de traballo dentro da estrutura da FGTA e encargarase de fomentar, informar, axudar, asesorar e colaborar dentro da FGTA con todo o relacionado coas competicións de Tiro de Campo e 3D.

É función primordial desta comisión a de potenciar a creación dunha infraestrutura regulamentaria que se axuste ás características propias do tiro con arco na comunidade galega e permita a práctica normalizada do tiro con arco en Tiro de Campo e 3D, así como a realización de actividades relacionadas coa devandita actividade.

2.- COMPOSICIÓN DA COMISIÓN

A Comisión de Tiro de Campo e 3D (en adiante CTC3D) como grupo técnico de traballo formarase como segue:

- O presidente da FGTA nomeará como cargo de confianza o presidente da CTC3D.
- Dentro desta comisión poderá haber un/s membro/s da Xunta Directiva da FGTA desinado/s polo Presidente da FGTA.
- Será o Presidente da CTC3D o responsable do nomeamento dos demais membros. Tendo en conta as funcións desta comisión os seus integrantes deberán ter un perfil técnico e experiencia nas modalidades de tiro de Campo e 3D.
- Todos integrantes de esta comisión deberán ser membros da FGTA e os seus nomeamentos serán de coñecemento da FGTA a través da Xunta Directiva.
- Al menos estará formada por 3 membros.
- O Presidente da comisión, logo de consulta cos membros desta e coa Xunta Directiva da FGTA, nomeará un secretario, que poderá ser membro desta ou non. No caso de non selo terá voz pero non voto.

- O Presidente da comisión terá voto de calidade.

Todos os membros da comisión cesarán no seu cargo:

- Polo cese do presidente da comisión.
- Polo transcurso do prazo para o que foron elixidos.
- Por imposibilidade física para realizar o seu labor.
- Por non ter licenza en vigor na FGTA.
- Por dimisión.
- Por sanción ou inhabilitación.

3.- FUNCIONAMENTO E FUNCIOS DA COMISIÓN

A CTC3D actuará con independencia dos outros órganos da FGTA pero informará a presidencia dos seus movementos sendo as súas funcións:

- A CTC3D terá a facultade de convocar reunións con afán divulgativo ou consultivo onde poderán estar presentes un representante de cada clube que teña participado nalgunha das ligas galegas Tiro de Campo, 3D o nos respectivos campionatos Galegos. Estas non serán de rexime obrigatorio e non terán potestade de toma de decisión.
- Propoñer e deseñar o regulamento de competición para a liga galega e o Campionato galego de Tiro de Campo e 3D, os cales serán remitidos á FGTA para a súa aprobación pola Comisión Delegada e pola Asemblea da FGTA.
- Propoñer o protocolo de Organización das competicións desta modalidade no ámbito de Galicia.
- Crear unha proposta de calendario para a realización das competicións dependentes da FGTA, dentro do calendario facilitado pola Xunta Directiva de la FGTA, para a súa aprobación en Comisión Delegada e Asemblea Xeral.
- Definir as competicións valedoiras e puntuacións mínimas para subvencións a campionatos de España e propoñer á Comisión Delegada e Asemblea Xeral a súa aprobación. Coma mínimo será o mesmo proceso co resto de modalidades deportivas.
- Propoñer á Xunta directiva da FGTA a emisión de circulares e notas informativas que afecten a esta modalidade.
- Propoñer á Xunta Directiva da FGTA os cambios nos regulamentos e normativas que lles afecten.
- Fomento e difusión da modalidade de Tiro de Campo e 3D no ámbito de actuación da FGTA.



4.- REXIME ECONÓMICO DE FUNCIONAMENTO

Os gastos e ingresos que xere esta modalidade deportiva estarán incluídos dentro da contabilidade xeral da FGTA.

A FGTA poderá alugar ou adquirir en propiedade, os elementos para a realización de probas deportivas desta modalidade, nas mesmas condicións que para o resto de modalidades.

A FGTA asumirá os gastos que con carácter xeral xere esta modalidade e que se establezan nas súas normativas para o conxunto da FGTA.

A FGTA cobrará aos participantes nesta modalidade as taxas que se establezan nas súas normativas.

A constitución da comisión e xestión no poderá xerár costes adicionais a os contemplados nos presupostos aprobados pola Asamblea Xeral, fomentándose a participación telemática en la medida de lo posible.

Pontevedra, 25 de abril de 2021

El presidente de la FGTA

Manuel Quintana Miguez

6.- APROBACIÓN E MODIFICACIÓNS

- Normativa aprobada na Asemblea Xeral do 25 de abril de 2010
- Modificada pola Asemblea Xeral do 28 de marzo de 2015
- Modificada en Asemblea Xeral do 19 de novembro de 2017
- Modificada y revisada Comisión Delegada 18/04/2021, aprobada en Asamblea Xeral do 25 de abril de 2021